
EXPERIENCIA E EDUCACIÓN

Texto de JOHN DEWEY

Tradución de MANUEL F. VIEITES

Epílogo de JAUME MARTÍNEZ BONAFÉ

Imaxe de portada de VICENTE BLANCO

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 128 páx. 14 €.
ISBN 978-84-1343-012-6. Biblioteca de Pedagogía, nº 11.


O abismo que hai entre os contidos elaborados polos adultos e a experiencia e as habilidades dos nenos é tan enorme que a mesma situación impide a participación activa do alumnado no desenvolvemento do que se ensina. O seu é facer e aprender...

John Dewey está recoñecido como o máis preeminente teorizador da educación no século XX. Inflúe na organización académica da educación escolar estadounidense e a súa obra -cunha gran proxección internacional- tivo moita incidencia no desenvolvemento teórico das Ciencias da Educación. Os expertos destácanos como un reformista social, insatisfeito coa evolución da democracia no seu tempo, e valoran a súa defensa da ciencia, do progreso, das transformacións sociais derivadas da industrialización, do comercio e das comunicacións. Pola vixencia dos seus postulados pedagóxicos, na lectura de Dewey están as claves para interpretar os problemas da educación actual.

Fronte ao modelo escolar tradicional, Dewey -un dos máximos mentores da Escola Nova- propón a escola progresiva. Este modelo toma en consideración os impulsos, necesidades, interrogantes e intereses do alumnado, así como a interrelación do coñecemento escolar coa contorna, a unidade entre o saber e o facer e o papel propositivo do profesorado.

«Experiencia e educación» (1938) foi o seu derradeiro libro de pedagogía, o seu mellor ensaio e síntese sobre a educación, e converteuse nun dos seus textos máis coñecidos e traducidos. Trátase dunha obra intensa e combativa: escribiuna algo máis de 20 anos despois de «Democracia e educación», o seu gran tratado pedagóxico. É o resultado dunha reformulación das súas ideas, dunha reflexión froito da análise das prácticas pedagóxicas do movemento da educación progresiva.

O autor contempla criticamente as prácticas desenvolvidas ao longo de tres décadas e, lonxe de ser autocompracente, analiza as eivas dese sistema abordando un traballo filosófico de reconstrución, a través do que elabora o concepto de experiencia e aplica unha concepción pragmática desde a que valora as prácticas pedagóxicas en función dos seus efectos.



- **Temática:** renovación pedagóxica.
- **Receptores:** educadores.
- **Aspectos destacables:** da colección *Biblioteca de Pedagogía* que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: «[A cidade dos nenos](#)» e «[Cando os nenos din Basta!](#)» de Francesco Tonucci; «[Educación para un mundo novo](#)» de María Montessori; «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» de Lev Vigotski; «[Carta a un profesor mozo](#)» de Philippe Meirieu; «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» de Jean Piaget; «[Pedagogía do oprimido](#)» de Paulo Freire; «[Carta a una profesora](#)» da Escola de Barbiana; «[Técnicas Freinet da escola moderna](#)» de Célestin Freinet; «[Educar a través da arte](#)», de Vicente Blanco, Salvador Cidrás e Rocío Modia.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/exp-eriencia-e-educacion-g>

John Dewey

(Burlington, EEUU, 1859 - Nova York, 1952)

Estudou en Vermont e Baltimore, foi profesor de filosofía na Universidade de Minnesota e, en 1894, xefe do Departamento de Filosofía, Psicoloxía e Pedagogía na Universidade de Chicago, onde fundou a University of Chicago Elementary School, laboratorio das súas teorías. Na Universidade de Columbia, en Nova York, desenvolveu a súa obra e militou no movemento pacifista. En 1933 apoiou a creación da University-HI-Exile para acoller estudantes exiliados dos reximes totalitarios. Ao cabo de cinco anos foi nomeado presidente vitalicio da American Philosophical Association e en 1941 defendeu a Bertrand Russell das acusacións por defender unha sexualidade liberadora. Do seu extenso legado destaca o compromiso na defensa da democracia e da igualdade entre razas e clases sociais.